



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CABEIRO,
QUE SE CELEBROU O DÍA 21 DE XANEIRO DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, no seu caso, a acta anterior
- 2 Propostas de actuacións a realizar con cargo aos orzamentos participativos do ano 2015
- 3 Varios

No Centro Cultural de Cabeiro, sendo as vinte horas e quince minutos, do día vinte e un de xaneiro de dous mil quince, previa convocatoria e baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde, da concelleira ANA MARIA ALONSO ALONSO reuníronse os/as seguintes representantes:

DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

M.^a JOSÉ BARCIELA BARROS, representante do grupo municipal do PP

INÉS BASTOS ALONSO, representante do grupo municipal do PSdeG – PSOE, incorpórase á reunión ás 20:30 horas.

MARÍA ÁNXELES BABARRO FERNÁNDEZ, representante do grupo municipal do BNG

PAULO MEDAL FIEL, representante do grupo municipal de AER

DAS ASOCIACIÓNS CULTURAI:

AMANTE ROMERO ÁLVAREZ

DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

CESÁREO ÁLVAREZ LAGO, incorpórase á reunión ás 21:00 horas.

MANUEL FERNANDEZ ÁLVAREZ

DAS AAVV:

MANUEL BASTOS BASTOS

CONSTANTE ÁLVAREZ ÁLVAREZ



CONCELLO DE REDONDELA

DA COMUNIDADE DE AUGAS:

RAFAEL CASTRO CASTRO

DA COMUNIDADE DE MONTES;

SABINO AMOEDO DACOSTA, incorpórase á reunión ás 20:25 horas.

INCIDENCIAS: Non asistiron: MARÍA DOLORES PAZOS OTERO, representante da Asociación de Mulleres.

Todos/as eles/as asistidos/as de min, a funcionaria de carreira do Concello, M.^a Goretti González Enes que actúa como secretaria, e que dá fe do acto, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Cabeiro convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

A presidenta declara aberta a sesión, pasándose a tratar os puntos da Orde do Día.

1 APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA ANTERIOR

A presidenta dá conta da acta da sesión anterior preguntando aos membros do Consello se teñen algunha observación que facer ao borrador da acta, ao que o resto do membros contestan que non.

Non habendo ningunha observación ao respecto, o Consello Parroquial de Cabeiro, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba á acta da xuntanza anterior, correspondente á celebrada, con carácter ordinario, o día 26 de novembro de 2014.

2 PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS A REALIZAR CON CARGO AOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS DO ANO 2015

A presidenta inicia a súa intervención informando aos membros do Consello de que os orzamentos do Concello para o ano 2015 non se levaron aínda ao pleno, pero indica que a data probable para a súa aprobación pode ser o mes de febreiro.

A previsión é que o importe dos orzamentos sexa igual que os do ano anterior.



CONCELLO DE REDONDELA

A continuación, pregunta aos membros do Consello se manteñen as dúas propostas que se expuxeran na anterior reunión, ao que lle responden que si.

Intervén M.^a José Barciela Barros indicando que, na súa opinión, a obra máis necesaria é a que pretenden facer no camiño Campo Grande.

Informa tamén de que xa falou destas propostas co aparelador do Concello e indica que este quedou de ver as obras que propuxeron para poder valoralas.

En relación á primeira obra proposta, indícase que a leira que se vería afectada, que é a da casa que está pegada ao muro, pertence a un só propietario. A concelleira solicita que lle faciliten os datos do dono deste terreo para que o aparelador poida falar con el e tratar de chegar a un acordo.

Varios membros do Consello indican á presidenta que o dono do muro correspondente á ampliación da curva no Camiño do Campiño, que se realizou con cargo aos anteriores orzamentos participativos, mostra agora a súa desconformidade coas obras que se fixeron e solicita que se lle fagan máis arranxos.

A presidenta, que indica que ten coñecemento das queixas deste veciño, propón que para as futuras obras que se realicen, as persoas afectadas deberían asinar, ademais da cesión dos terreos, un documento no que indiquen que están de acordo co proxecto de obra para evitar posteriores reclamacións.

Amante Romero Álvarez di que optan por realizar a primeira proposta e que, no caso de que non fose posible, acometer a segunda opción que implicaría facer obras nos terreos da Comunidade de Montes sitos no Cemiterio, onde a 2.^a entrada do aparcadoiro, xa que a que hai é estreita, polo que sería preciso facer un anaco de muro.

A continuación, Sabino Amoedo Dacosta indica que con estes orzamentos non se pode realizar moita obra.

A presidenta intervén indicando que o prioritario é ter o proxecto das obras listo e unha vez feito, realizalas ata os límites que permitan os orzamentos. O principal é que o proxecto quede de base para continuar executando, no momento en que se poida, o resto da obra que quedase pendente.



CONCELLO DE REDONDELA

Amante Romero comenta que hai veciños/as que solicitan que se coloque un quitamedos pero ao a xuízo da maioría enténdese que é mellor facer o muro, sobre todo, ao inicio do camiño.

A continuación débátese como podería facerse a obra e as necesidades que implica.

4 VARIOS

A concelleira M.^a José Barciela Barros informa de que as obras no Camiño da Graña xa se incluíron nun lote.

A continuación, Amante Romero Álvarez informa de que lle presentaron queixas en relación ao Camiño da Milixosa, indicando de que este, no tramo que está entre a poza e a estrada, está abandonado, atoado e que hai un muro que está a piques de caer.

A raíz disto solicita que por parte do goberno municipal se presione a Obras Públicas para que realicen os traballos de limpeza que lle corresponden.

M.^a José Barciela Barros comunica que preguntou sobre o prazo de inicio das obras correspondentes aos saneamentos da Quirincosta e de Cambeiros e di que lle indicaron que poderían comezar en calquera momento, xa que, unha vez adxudicadas as obras, existe un prazo para realizalas.

Amante Romero Álvarez pregunta se se vai asfaltar onde o muro do Campiño, ao que a concelleira lle responde que si. O representante das Asociación Culturais solicita ao Concello que vexan a posibilidade de retirar un poste dunha vivenda privada para que quede mellor.

A continuación, M.^a Ánxeles Babarro Fernández pregunta se cos orzamentos participativos previstos se cubrirán os custes das obras propostas, ao que lle responden que non saben ata onde poden chegar.

Rafael Castro Castro pregunta á presidenta para cando se prevé que se leven a cabo o resto dos saneamentos, ao que Ana M.^a Alonso Alonso lle responde que a día de hoxe aínda hai outros saneamentos no Concello pendentes de realizar e que en Cabeiro xa se realizaron 2 no ano 2014.



CONCELLO DE REDONDELA

O representante da Comunidade de Augas continúa indicando que sería mellor investir os cartos nos saneamentos e non noutras actuacións como, por exemplo, os parques infantís, ao que a presidenta lle responde que moitos destes proxectos se fan a través de subvencións nas que o Concello achega unha parte de diñeiro, pero que no caso dos saneamentos non puido ser así, xa que non se puideron realizar a través de ningunha subvención.

De modo que o concello, ante esta situación, optou por realizar estes traballos con cargo ao remanente que lle quedou (distinto do remanente de tesourería), destinando só un 10% para parques e o resto para os saneamentos e executando, en primeiro lugar, os que se podían facer máis rápido.

A continuación, intervén M.^a José Barciela Barros relacionando os saneamentos que se fixeron no ano 2014 e indica que se aplicaron aproximadamente 500.000€ para todas as parroquias do concello.

Sabino Amoedo Dacosta pregunta porque os orzamentos participativos levan 3 anos coas mesmas cantidades, cando, por exemplo, a Comunidade de Montes sí está incrementando as partidas, ao que a presidenta lle responde que é porque non se puideron aumentar.

A continuación, Amante Romero pregunta se baixaron os impostos, ao que a presidenta lle responde que o importe do IBI baixou e que o lixo queda igual. En relación a isto último, informa que actualmente están comprobando se Urbaser cumpre co contrato que ten co Concello e se fai a recollida tal e como está previsto neste.

En relación a este tema, pide a palabra Paulo Medal Fiel indicando que AER está facendo gran parte dese traballo, xa que están recopilando información sobre se recollen diariamente ou non, polo que pregunta á presidenta se a empresa emite un informe sobre isto.

A presidenta respóndelle que Urbaser emite mensualmente un informe ao respecto e que o que o Concello fai, entre outras cousas, é a comprobación das reclamacións da veciñanza.



CONCELLO DE REDONDELA

Para finalizar a reunión Amante Romero Álvarez dá conta das reclamacións pendentes, indicando que son as mesmas que se trasladaron en anteriores reunións, pero engadindo as dúas novas reclamacións, que indicou anteriormente.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta remata a reunión, sendo as nove horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

ANA M^a ALONSO ALONSO

M.^a GORETTI GONZÁLEZ ENES